Laudatio Yolanda Díaz Gallego

Moi boa tarde a todos e todas.

Hoxe, convócannos nesta sala expositiva da Deputación de Lugo, pola Sección de Literatura e Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, e podemos sentirnos vitoriosos da incorporación tanto de Xulio do Canelo como de Yolanda Díaz Gallego a seren considerados Mestre e Mestra da Memoria. Parabéns a ambos!

Antes de nada, gustaríame dicir que me sinto moi honrada, ata un pouco abruada, e que é un orgullo para min poder estar nesta sala eloxiando a Yolanda Díaz Gallego, muller que coñecín fai dous anos en Láncara con motivo da entrega do premio Ramón Piñeiro Facer País, que todos os anos convoca a AC Val de Láncara co fin de recoñecer ás persoas, grupos, institucións e colectivos que traballaron e traballan a prol da cultura e lingua galegas.

Que din os rumorosos

na costa verdecente

ao raio transparente

do prácido luar? ...

Hoxe en día todos e todas sabemos que esta letra, de Eduardo Pondal e melodía de Pascual Veiga, é o noso himno, o himno galego. Pois Yolanda Díaz, cando era unha rapaza e inda vivía en Sarria, antes de emigrar ao Uruguai, non o coñecía. Un día contoume que llo escoitara unha noite a un señor que fora á tenda da súa nai e naquel momento pensou que era unha cantiga. Podemos pedirlle a ela que nolo conte con máis detalle, pero o caso foi que unha vez no Uruguai, escoitou esta melodía. Nese momento, Palmira (irmá de Yolanda) e Yolanda miráronse e sorprendéronse ao descubrir que esa cantiga que cantara o señor de Sarria e agora

estaban escoitando no Uruguai era o himno do país que deixaran atrás. O máis significativo é que Yolanda e Palmira o descubriron no Uruguai, atravesando o océano coa diáspora, mesmo cando elas aínda non sabían recoñecelo como símbolo do seu país. Quedei abraiada ao escoitar esta historia ben fermosa, aínda que un pouquiño triste, sobre a memoria, a emigración e a identidade galegas.

Antes de emigrar para o Uruguai, Yolanda viviu en Sarria, estudou na Coruña peritaxe mercantil e, ao seu remate, con 19 anos embarcou xunto con súa nai, súa tía, seu irmán e súa irmá Palmira cara o Uruguai. Chegaron a Montevideo, onde se atoparon con coñecidos e familiares. E foi aí onde aconteceu a anécdota que lles acabo de contar.

No Uruguai coñeceu a galegos e galegas emigradas, galegos e galegas que como ela recolle na obra Decidín desvelar o proceso: "tamén formasen parte desa sociedade que estaba descubrindo". Alí relacionouse coa intelectualidade galega, entre estes: Manuel Meilán, Emilio Pita, Alberto Rodríguez López, e máis adiante Luís Tobío, Ramón Otero Pedrayo ou María Casares, entre outros. Conta en Decidín desvelar o proceso o impresionada que quedou cando coñeceu a María Casares, primeira dona da comedia nacional francesa. Quedou abraiada pola súa personalidade e ampla formación intelectual que lle levou a pensar e recoñecer "canto perdera Galicia".

Dáme a impresión de que Yolanda non pechaba os ollos e que todo o que pasaba por diante dela lle deixaba pouso: absorbíao. Manuel Meilán abriulle as portas a participar na radio de **Sempre en Galiza**: "O Uruguai, República sensible, acolleunos e protexeu a nosa mensaxe cunhas leis que permitían realizar enteiramente a programación nunha lingua que non era a oficial, cousa que non ocorría na Arxentina" comenta Yolanda Díaz na súa publicación Decidín desvelar o proceso.

A primeira vez que vin esta foto chamoume poderosamente a atención. Cantas mulleres se ven nela? Só unha. Esta muller é Yolanda. Desenvolver a actividade profesional nun contorno maioritariamente masculino, onde conviven actitudes de respecto con condutas condescendentes, prexuízos de xénero ou discursos de dependencia económica baseados tamén no xénero, non é, e moito menos foi anos atrás, sinxelo. Yolanda demostrou a serenidade, a actitude e a cabeza necesarias para non deixarse pisar e incluso, gobernar nos seus compañeiros homes. Conta no seu libro mencionado que sempre tivo boa relación e que "sen palabras, soamente con actitudes, entenderon que non permitiría ningún chiste fóra de lugar". Así foi como traballou no **Banco de Galicia de Montevideo** acadando ser a xefa de 126 homes. Aquí foi onde Yolanda afirma enfiar cara o feminismo.

Neste 2026 o Banco de Galicia cumpriría 70 anos dende a súa fundación. Parabéns Yolanda, a ti e a toda a xente que te acompañou, por todo o traballo feito, por apoiar dende unha entidade bancaria á cultura galega: facendo publicacións de libros relacionados co país, subscribíndose á editorial Galaxia e por colaborar de forma económica en actos culturais.

Como probablemente xa vos contará Yolanda de forma máis detida, e dende logo máis minuciosa, **foi secretaria de Actas do Patronato Rosalía de Castro**. Dende este realizaron diferentes eventos culturais "co único cometido de recadar diñeiro e remesalo á Terra".

Así mesmo, foi **Secretaria de Actas e Secretaria Xeral do Patronato da Cultura Galega de Montevideo** como entidade atenta a toda manifestación sociocultural que tiña algo que dicir en especial sobre a nosa terra. Baixo o Patronato, Yolanda coñeceu a escritores como Xosé Neira Vilas, Manuel María, Ricardo Carvalho Calero e moitos outros cos que intercambiaban información e intervencións.

Conta con detalle que dende que a Facultade de Humanidades de Montevideo deixou de ofrecer a materia de lingua galega dentro da cátedra de linguas románicas, foi o Patronato o que ofreceu a impartición desta lingua. A esta engadiron literatura, para todo aquel que anhelase coñecer o desenvolvemento da súa procedencia. E foi, Yolanda, a encargada de impartir Historia de Galicia de Vicente Risco. Non foi docente de profesión, pero tiña os coñecementos e sobre todo o entusiasmo necesarios para dar a coñecer a todo aquel interesado na materia a historia do seu país.

Un dos episodios máis significativos que me compartiu Yolanda e que tamén recolle en Decidín desvelar o proceso é a iniciativa impulsada polo Patronato para erguer o busto de Castelao que hoxe en día podemos ver en Rianxo. Este acto de trasladar o busto dende Montevideo ata Rianxo foi unha acción colectiva da emigración galega organizada no Uruguai para retornar, de forma simbólica, a Castelao á súa vila natal, reivindicando a súa memoria nun momento no que o franquismo imperaba. No relato de Yolanda Díaz destaca especialmente o enorme esforzo organizativo que houbo detrás da homenaxe: a correspondencia constante entre Galicia territorial e Galicia exterior, as negociacións coas autoridades franquistas para obter os permisos necesarios, as comunicacións con Xosé Escudero Couceiro ou as valoracións para trasladar o propio busto a Galiza. A autora mostra que cada avance requiriu paciencia, diplomacia e unha firme vontade de superar os numerosos atrancos administrativos e políticos, que non foron poucos. A colocación do busto representou, deste xeito, non só a culminación dun proxecto promovido desde Montevideo, senón tamén un fito na recuperación pública do galeguismo e un exercicio de memoria democrática.

Precisamente por todo isto este libro que levo mencionando durante esta intervención, o que se corresponde coa vida de Yolanda, adquire unha dimensión que transcende a historia da colectividade galega no Uruguai. Lémbranos que as

democracias non se manteñen soas. Precisan dunha cidadanía organizada, crítica e comprometida. Precisan de persoas que entendan que a cultura non é un adorno, senón un espazo de liberdade; que a lingua non é só un medio de comunicación, senón un patrimonio colectivo, a identidade; e que a memoria non consiste en vivir ancorados no pasado, senón que en comprendelo para actuar con responsabilidade no presente.

Hai unha lección especialmente valiosa na experiencia que relata Yolanda Díaz: os grandes cambios non sempre nacen das institucións. Moitas veces comezan en pequenas comunidades de persoas que deciden organizarse. Así sucedeu co **Patronato da Cultura Galega**, co **Teatro Popular Galego**, co programa radial **Sempre en Galiza** ou coa iniciativa de **erguer o busto de Castelao** en Rianxo. Ningunha desas accións parecía, por si soa, cambiar a historia. Porén, todas xuntas construíron unha rede de resistencia cultural que contribuíu a manter vivo o galeguismo nun dos momentos moi escuros da súa historia.

Cando os dereitos parecen consolidados, tendemos a pensar que xa non necesitan ser defendidos. A historia demóstranos o contrario. Cada xeración recibe unha herdanza democrática, pero tamén a responsabilidade de coidala e fortalecela.

Así conclúo con que, na miña curta experiencia, podo dicir que Yolanda é unha mestra, e é unha MESTRA DA MEMORIA, das boas e xenerosas. Isto é o que vos conto eu sobre Yolanda... O resto xa a escoitamos a ela. Grazas!

Lucía de Arroxo